



ASEMBLEA ORDINARIA ANPA CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

9 DE MAIO DE 2023

Sendo as 16:00, do día antedito, na biblioteca do CEIP Ramón de la Sagra, comeza a asemblea ordinaria desta ANPA co seguinte orde do día:

1. Información sobre o proxecto patio e o **novo comedor**. Para este punto, contaremos coa intervención de **Fermín Blanco**, arquitecto encargado de ambos proxectos.
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da **assemblea anterior**.
3. Información sobre a **modificación de membros** da Xunta Directiva.
4. Presentación do **estado das contas** da asociación.
5. Exposición da **memoria de actividades** realizadas.
6. Planificación das **novas actividades**.
7. **Exposición e debate das propostas** achegadas polas familias.
8. Outros **rogos e preguntas**.

ASUNTOS TRATADOS

1. Información sobre o proxecto patio e o **novo comedor**. Para este punto, contaremos coa intervención de **Fermín Blanco**, arquitecto encargado de ambos proxectos.
Comeza a asemblea coa intervención do arquitecto Fermín Blanco, que nos expón os avances nos proxectos de patio e comedor. Intervén tamén o Concelleiro de Educación Sr. Celemín, que asegura a construción dun comedor novo no centro nun futuro inmediato, deseñado polo mesmo arquitecto que o patio.
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da **assemblea anterior**.
Nuria Bernárdez, secretaria da ANPA procede á lectura da acta da asemblea ordinaria de 2022, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.
3. Información sobre a **modificación de membros** da Xunta Directiva.
A secretaria informa a continuación da modificación de membros da ANPA, xa que o vogal Davide Leira comunicou a súa renuncia a formar parte da xunta directiva.



Queda por tanto un posto vacante que se invita a ocupar a calquera persoa socia, para o cal deben enviar un email manifestando o seu interese ao correo da ANPA.

4. Presentación do **estado das contas** da asociación.

Pedro Coladas, vicepresidente, proxecta na pantalla as contas deste exercicio ao tempo que le e explica as diferentes partidas. Infórmase de que a ANPA conta actualmente cun saldo positivo de 26170.57 €.

Os asistentes contan cunha copia das contas proporcionada ao inicio da sesión.

Apróbanse as contas por unanimidade, a man alzada.

5. Exposición da **memoria de actividades** realizadas.

Marcos Rego, vogal, expón a memoria das actividades realizadas desde a última asemblea ordinaria. Explica que unha acción prioritaria para esta xunta directiva foi potenciar a transmisión de información a través da web, que foi actualizada, e das redes sociais, contas que foron creadas ao facerse cargo desta ANPA a actual directiva. Os motivos foron a redución de custos e a redución de uso de papel, aínda que sabemos que isto non é totalmente evitable se queremos chegar a todas as familias, que resulta o noso obxectivo principal.

Infórmase de que a memoria será publicada na web.

6. Planificación das **novas actividades**.

A presidenta, Lucía Fernández, recorda dous propósitos esenciais desta xunta directiva: a transparencia na xestión, e a situación dos intereses dos menores no centro de todas as decisións que nos incumben.

Informa de que a intención foi en todo momento acadar que todos os nenos e nenas da escola teñan actividades dispoñibles en todo o horario de apertura do centro; e que ditas actividades sexan preferentemente públicas, para impedir a privatización da escola pública en horas non lectivas.

Informa tamén de que foi unha loita deste ano conseguir que ningún membro da xunta directiva manexe información sensible sobre ningún



menor, para o cal o colexio asumiu que os nenos e nenas están baixo a súa responsabilidade durante toda a permanencia do centro, e non só en horario lectivo. Así, establecéronse os protocolos necesarios para que calquera situación na que haxa que ter en conta a protección de datos pase da entidade xestora da actividade directamente ao equipo directivo e equipo de orientación do centro.

Infórmanse das actividades planificadas antes do remate de curso:

- Festa de fin de curso.
- Durmida no cole.
- Despedida do alumnado de 6º Educación Primaria.

De cara ás vindeiras actividades, tómanse os seguintes acordos por unanimidade dos presentes:

- Investir cartos da ANPA na adquisición dos libros de texto de 4º e 6º de Educación Primaria para o curso 2023/24.
- Aprobar o establecemento de liña quente no comedor. De facto, a liña quente xa se estaba a levar a cabo por decisión da anterior xunta directiva. Pero legalmente é preciso que sexa aprobada en asemblea, e así procedemos para regularizar a situación.
- Ofrecer preferentemente actividades de xestión pública no horario organizado pola ANPA.

7. **Exposición e debate das propostas** achegadas polas familias.

Non houbo propostas.

8. Outros **rogos** e **preguntas**.

Unha familia propón que, de cara a vindeiras asembleas, a acta a aprobar sexa enviada por correo electrónico aos socios e socias. Deste xeito axilizariase o primeiro punto da convocatoria. Acordamos facelo así a partires de agora.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 18:15.

****SEGUEN A CONTINUACIÓN OS NOMES DOS ASISTENTES Á
ASEMBLEA*****